



DÍA DA ILUSTRACIÓN 2014

30 de xaneiro

Obradoiros e actividades creativas nas bibliotecas nodais de Galicia

Obradoiros, actividades para estimular a creatividade e a imaxinación, mostras bibliográficas e espazos para a reflexión e a conversa. A Consellería de Cultura e Educación, a través da Secretaría Xeral de Cultura, propón **diversas actividades dirixidas a todos os públicos e de balde** para promover a celebración, por vez primeira, do Día da Ilustración en Galicia.

As bibliotecas nodais das catro provincias, situadas en Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela, e a Biblioteca de Galicia, na Cidade da Cultura, serán o escenario desta programación, que conta co apoio da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración.

A Xunta de Galicia crea esta data o 30 de xaneiro, coincidindo co nacemento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, para **destacar a importancia da ilustración e do deseño no libro e na lectura**, así como para poñer en valor o sector galego da ilustración.

A Coruña

Obradoiro de ilustración con Xosé Tomás

Sábado 1 de febreiro

Hora: 11.30 a 13.00 h

Público: de 12 a 18 anos

Prazas: 20

Inscripción previa en rbgalicia.xunta.es ou na biblioteca

O ilustrador, premio Frei Martín Sarmiento 2013 á mellor obra infantil, descubriralles aos rapaces e rapazas o proceso creativo das imaxes que interactúan coas palabras. As técnicas de composición, o proceso de elaboración dun álbum, a creación de personaxes e a ilustración de microrrelatos, poesía e haikus serán algúns dos segredos que compartirá Xosé Tomás no obradoiro que ofrecerá na biblioteca González Garcés.

Ourense

Obradoiro de ilustración e actividades creativas

Xoves 30 de xaneiro

Hora: 16.30 a 18.30 h

Público: a partir de 12 anos

Ao cargo do Colectivo Miñoco

O colectivo de ilustradores Miñoco estimulará a creatividade das persoas que se acheguen á biblioteca de Ourense a través de diversas iniciativas. Para promover a creatividade conxunta, organizará a actividade *Cadáver exquisito*, na que todos os que se animen poderán deixar a súa pegada artística nun papel continuo ao iren completando un debuxo inicial.

A imaxinación será o principal ingrediente doutra das actividades que propón o colectivo para a celebración do Día da Ilustración, na que os participantes deberán debuxar, nun tempo breve, unha imaxe que sintetice dous conceptos elixidos ao azar entre as propostas realizadas polo público.

Santiago de Compostela

Construción dun mural colectivo

Lugar: Biblioteca Pública Ánxel Casal

Xoves 30 de xaneiro

Hora: 18.30 h

Público: de 6 a 12 anos

Prazas: 10

Inscripción previa en rbgalicia.xunta.es e presentación 10 min. antes do inicio

A través do programa de Voluntariado Cultural, a biblioteca nodal de Santiago de Compostela propón un obradoiro dun mural colectivo para achegar os nenos e nenas á ilustración. Castelao, Colmeiro e Seoane serán os protagonistas desta actividade, que tamén xirará arredor da figura do editor Ánxel Casal.

Obradoiro de técnicas de gravado e estampación

Lugar: Biblioteca de Galicia. Cidade da Cultura (Aula 2)

Sábado 1 de febreiro

Hora: 12.00 a 14.00 h

Público: a partir de 12 anos

Ao cargo de Marita Crespo

Prazas: 10

Inscripción previa en cidadedacultura.org

A Biblioteca de Galicia programa un obradoiro creativo para viaxar ata o mundo do gravado e da estampación, no que os participantes poderán coñecer de primeira man a técnica do gravado en oco, a máis directa de todas as técnicas calcográficas, así como as técnicas aditivas, nas cales a imaxe da estampa se crea a partir da adición de materiais sólidos a un soporte ríxido.

Pontevedra

Obradoiro “Era unha vez... a ilustración”

Xoves 30 de xaneiro

Hora: 12 a 13 h

Público: estudantes de 1º de primaria do CEIP A Laxe

Ao cargo de Patricia Rodríguez Saavedra (IMASV)

Desde as primeiras miniaturas dos manuscritos ilustrados ata os audiolibros e as técnicas máis novidosas. Esta é a viaxe que realizarán a través da evolución da ilustración os nenos e nenas que participen neste obradoiro da biblioteca pontevedresa Antonio Odriozola.

Faladoiro “A ilustración gráfica hoxe en Galicia”

Con Marina Seoane, Almudena Aparicio e Manuel Uhía
Modera: Henrique Torreiro
Xoves 30 de xaneiro
Hora: 18.30 h
Para todos os públicos

De forma distendida e achegada ao público xeral, o faladoiro centrarase no traballo dos profesionais da ilustración, nos retos aos que se enfrontan na actualidade e nas perspectivas de futuro que se abriron nos últimos anos, cun progresivo recoñecemento social da importancia cultural do visual en xeral e da ilustración en particular.

Henrique Torreiro modera este faladoiro, no que participarán en diálogo os ilustradores Marina Seoane, Almudena Aparicio e Manuel Uhía.

Marina Seoane (Madrid, 1957). Licenciada pola Facultade de Belas Artes de Madrid, ten colaborado con máis de corenta editoriais, estudos de deseño e organismos oficiais. Ten ilustrado arredor de douscentos cincuenta libros e é autora de cinco contos. Varios dos seus libros obtiveron premios e mencións, como do Ministerio de Cultura, da Lista de Honra do CCEI ou da White Ravens. Autora de varios carteis de animación á lectura, realizou once exposicións individuais e participou en numerosas colectivas. Foi directora artística da editorial Edimáter. Actualmente é a presidenta da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI).

Almudena Aparicio (Vigo, 1978). Licenciada pola Facultade de Belas Artes de Pontevedra, ten traballado desde 2004 como ilustradora de libros de texto, didácticos e de literatura infantil. É, ademais, coautora do manual *Técnicas de paquetería. Guía práctica para hacer más atractivos sus embalajes* (Ideaspropias, 2005). O ano pasado gañou o Plum Pudding Award, convocado pola axencia de ilustradores británica Plum Pudding e a editorial Egmont, no IlustraTour 2013 (Valladolid).

Manuel Uhía (Portonovo, 1944). Estudou pintura na Real Academia de San Fernando e no Círculo de Bellas Artes de Madrid. Como ilustrador, foi seleccionado en tres ocasións na Bienal de Bratislava (1993, 1995 e 1999). En 1997 formou parte da lista de honra do Premio CCEI. No 2000 foi seleccionado polo Ministerio de Cultura para a exposición *A todo color*. En 2009, obtivo a distinción White Ravens polo libro *Cactus del desierto*, escrito por Roberto Aliaga.

Henrique Torreiro (Ourense, 1972). Organizador das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense entre 1992 e 2010, é socio fundador de varias empresas de xestión cultural e editorial. Foi xerente da FADIP (Federación de Asociaciones de Ilustradores Profesionales) e coordinador do Observatorio da Ilustración Gráfica. Na actualidade é secretario técnico da AGPI.

Obradoiro de ilustración con Óscar Villán

Venres 31 de xaneiro

Hora: 18.30 h a 19.30 h

Público: de 8 a 12 anos

Prazas: 20

Inscripción previa en biblio publica.pontevedra@xunta.es, no teléfono 986 850 838 ou na biblioteca, de 9 a 14 horas

Os rapaces e rapazas terán a oportunidade de descubrir a profesión de ilustrador a través da obra de Óscar Villán, quen tamén compartirá con eles o traballo de distintos ilustradores e ilustradoras con proxectos diverxentes.

Vigo

Mostra “Vida e obra dos ilustradores en Vigo”

Do 30 de xaneiro ao 7 de febreiro
Para todos os públicos

As mostras bibliográficas tampouco faltarán na celebración deste data. A biblioteca nodal de Vigo fará un percorrido pola ilustración na actualidade a través dunha mostra composta por obras dalgúns dos máis importantes ilustradores vigueses contemporáneos. Pepe Carreiro, Luis Castro Enjamio, Anxo Fariña, Alejandro Viñuela e David Amoedo son algúns dos artistas que estarán presentes nesta mostra.

Obradoiro “As receitas da ilustradora”

Xoves 30 de xaneiro
Hora: 18.00 a 19.15 h
Público: a partir de 6 anos
Para 20 participantes
Ao cargo de Marisa Irimia
Inscripción en bibli.central.vigo@xunta.es ou na biblioteca

Marisa Irimia *guisará* nesta sesión diferentes receitas, trucos e segredos arredor dos debuxos e dos contos. Trátase dunha viaxe a través dos libros, coas ilustracións como protagonistas, para aprender as claves da ilustración e gozar poñéndoas en práctica.

Lugo

Obradoiro de ilustración con Xosé Tomás

Venres 31 de xaneiro
Hora: 18:30 a 20.30 h
Público: de 6 a 10 anos
Prazas: 25 persoas
Inscripción previa en rbgalicia.xunta.es

Xosé Tomás compartirá cos máis novos a súa paixón pola ilustración e amosaralles algunhas das técnicas e pasos principais do proceso creativo arredor do álbum.

E ademais...

Conversa con Miguelanxo Prado

Museo de Belas Artes da Coruña

Venres 7 de febreiro

Hora: 20.00 h

Todos os públicos

A programación de actividades rematará no Museo de Belas Artes da Coruña cunha **conversa con Miguelanxo Prado**, autor do cartel conmemorativo do Día da Ilustración 2014. O gañador do Premio Nacional de Cómic 2013 polo traballo *Ardalén* falará da súa obra e da situación actual da ilustración, nun coloquio no que o público poderá coñecer de preto o universo creativo do artista.

